

**ELECCIÓNNS PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR 1998**  
**Universidade de Vigo**

**UN PROGRAMA VALÍDASE POLO BALANCE PREVIO**

1	<u>A NOSA ACTUACIÓN</u>
1	<u>O NOSO PROGRAMA PARA O 2002</u>
1	<u>CANDIDATURA DE CC.OO.</u>



**VOTA CC.OO.**



**A NOSA ACTUACIÓN 94/98**



**TEMOS** avanzado na formulación dun **MODELO ALTERNATIVO DE UNIVERSIDADE**: unha universidade pública de calidade, ó servicio da sociedade; lonxe do modelo neoliberal de competencia e elitismo.

Un referente teórico global é imprescindible para evitar unha acción sindical dispersa econxuntural.

Desde as nosas Xornadas Estatais PDI Santiago'95 ata El País (-III-98), pasando polos documentos sobre financiamento, temos feito un continuado labor de reflexión e análise.

TEMOS elaborado **PROPOSTAS CONCRETAS** sobre os más diversos aspectos, no marco do modelo de Universidade antedito:

**Promoción:**Reconversión da praza "ad personam" para a promoción do Profesorado Numerario.

**Avaliación:** Melloras nos mecanismos e criterios para a avaliación dos sexenios de investigación.

**Convenios:** Regularización dos convenios con entidades externas e da docencia extracurricular.

**TEMOS** desenvolvido unha acción combinada de NEGOCIACIÓN E PRESIÓN na Mesa Sectorial e demais instancias de negociación, para contrarrestar unha legislación adversa que non recoñece o dereito de negociación colectiva do Persoal Docente e Investigador (nun sequera a obrigatoriedade dos pactos):

- \* Impulsando as mobilizacións de Dec'95, Nov'97 e Maio'98
- \* Disuadindo o MEC das súas intencións regresivas sobre modificación da LRU, contrapoñendo as nosas propostas positivas.
- \* Acordando melloras retributivas parciais (homologación dos Titulares de Escola U., docencia non universitaria ...), aínda pendentes de seren aplicadas.

**TEMOS** loitado, en particular, pola ESTABILIZACIÓN DO PROFESORADO NON NUMERARIO:

- \* Lanzando primeiro a idea do PLU (Profesor Laboral de Universidade) epulando despois por unha proposta de lei que recibiu o apoio de máis do 45% dos deputados do Parlamento.

**TEMOS** organizado CAMPAÑAS COLECTIVAS DE RECURSOS contra certas aplicacións prexudiciais do Decreto de retribucións:

- \* Polo cobramento retroactivo de quinquenios (95, 96, 97)
- \* Polo sexto quinquenio (97, 98)
- \* Polo cómputo da interinidad nos 2 anos de carencia (97, 98)
- \* Polo recoñecemento da docencia non universitaria para os efectos de quinquenios (98)

**TEMOS** levado a iniciativa por reforzar o MOVIMENTO SINDICAL UNITARIO estreitando as relacións e colaboracións, non só coas demais organizacións sindicais no seo das Xuntas de Persoal, Mesas Negociadoras, etc., senón tamén coas Coordinadoras de Profesorado Non Numerario e as diversas Asociacións Sectoriais de Profesorado Numerario.

**TEMOS** potenciado a presencia institucional do movemento sindical normalizando as relacións coa CRUE (Conferencia de Rectores) e cos partidos políticos mediante

## Mesas Redondas, iniciativas parlamentarias, etc.

**TEMOS** potenciado as canles de **INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN**, engadindo ás tradicionais asem-bleas e boletíns **CC.OO.-Informa**, novidades como a "folla doluns", que leva xa con máis de 18 meses de puntualidade semanal, ou aspáxinas web en moitas das nosas seccións sindicais e difundindo filtracións (borradores LRU ...) e noticias tradicionalmente reservadas a círculos restrinxidos

## O NOSO PROGRAMA PARA O 2002



**SEGUIREMOS DEFININDO E CONCRETANDO** o modelo de Universidade aberta, solidaria, integradora, singularizada, eficiente ... á que aspiramos.

**SEGUIREMOS ELABORANDO E PROPONDO** solucións para os problemas específicos.

**SEGUIREMOS NEGOCIANDO E PRESIONANDO** o MEC, as Administracións Autonómicas e os Rectorados.

**SEGUIREMOS LOITANDO E RECORRENDO** contra das normativas inadecuadas e as súas aplicacóns.

**SEGUIREMOS POTENCIANDO E APOIANDO** o movemento sindical máis amplio e unitarioposible.

**SEGUIREMOS INFORMANDO E ABRINDO** canles de participación.

## CON NOVAS PERSPECTIVAS

O Proxecto de Estatuto Básico da Función Pública prevé a elaboración dun **ESTATUTO DO PROFESORADO UNIVERSITARIO** específico, que permitirá revisar e agrupar a normativa laboral do profesorado actualmente espallada en:

- \* LRU
- \* Decreto de Retribucións do Profesorado Universitario
- \* Decreto sobre Réxime do Profesorado Universitario e outras de menor rango

Igualmente recoñece por fin o dereito á negociación colectiva doprofesorado, concretado a través de **MESAS NEGOCIADORAS** nos tres ámbitos de competencias:

- \* Mesa Estatal (LRU, sexenios ...)
- \* Mesa Autonómica (normativas autonómicas, cadros de persoal ...)
- \* Mesa de Universidade (convocatorias, condicións de traballo ...)

## CON NOVAS IDEAS

Isto permite e obriga a novas ideas e propostas de carácter global:

Unha CARREIRA DOCENTE clara e flexible, que reduza e simplifique a estructura de corpos docentes, que combine e distinga selección, estabilización e promoción, mediante unha etapa de formación e estabilización, e a posterior progresión por méritos persoais segundo correspondentes avaliacións.

Un SISTEMA RETRIBUTIVO que abranga:

- \* Unha retribución mínima digna en cualquiera categoría.
- \* A homologación das retribucións básicas.
- \* A mellora de niveis por méritos.
- \* Os complementos transitorios por ejercicio de funcións.
- \* O complemento de productividade agrupado (docencia, investigación ...)

Un RÉXIME DE DEDICACIÓN que permita a Planificación Personalizada da Dedicación e a configuración dun catálogo de funcións académicas.

E tamén novas ideas e propostas de carácter sectorial e particular, como porexemplo:

Regularizar a situación dos bolseiros de investigación e asimilados mediante a creación da figura de PERSOAL INVESTIGADOR EN FORMACIÓN, non necesariamente vinculada á carreira docente.

Converter os actuais tribunais de oposición en COMISIÓNS DE PRESELECCIÓN, deixando que a responsabilidade última da selección recaia sobre unha comisión diversificada (Departamento, Centro, Comisión de Profesorado ...) dependente da propia universidade.

Crear a HABILITACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN EN "ÁREAS ESPECÍFICAS", (as de diplomaturas sen segundo ciclo natural), como recoñecemento da capacidade de investigación e desenvolvemento nas ditas áreas, que ademáis permita o acceso a funcións de dirección e a cargos directivos.

CON NOVAS ENERXÍAS  
ILUSIÓN

CON NOVOS EQUIPOS

CON NOVAS

CANDIDATURA DE CC.OO. 

NOME	CAMPUS	CENTRO
1 <i>Josefina Álvarez Andrés</i>	<i>Vigo</i>	<i>Ciencias</i>
2 <i>Milagros Cavada Nieto</i>	<i>Ourense</i>	<i>Humanidades</i>
3 <i>Rafael Durán Barbosa</i>	<i>Pontevedra</i>	<i>Forestais</i>
4 <i>Ind. Susana Cruces Colado</i>	<i>Vigo</i>	<i>Humanidades</i>
5 <i>Stuart John M. Nicholls</i>	<i>Ourense</i>	<i>Empresariais</i>
6 <i>Nieves Redondo Álvarez</i>	<i>Vigo</i>	<i>Ciencias</i>
7 <i>Karen Joan Duncan Barlow</i>	<i>Pontevedra</i>	<i>Forestais</i>
8 <i>Julia Serra Rodríguez</i>	<i>Vigo</i>	<i>ETSEI</i>
9 <i>Ind. Yolanda Herranz Pascual</i>	<i>Pontevedra</i>	<i>Belas Artes</i>
10 <i>Patricia Silvia Mascuñán Tolón</i>	<i>Vigo</i>	<i>Traducción</i>
11 <i>Xulio Calviño Rodríguez</i>	<i>Vigo</i>	<i>EUETI</i>
12 <i>Angel Faraldo Roca</i>	<i>Vigo</i>	<i>EUETI</i>
13 <i>José Manuel Paredes Castañón</i>	<i>Ourense</i>	<i>Dereito</i>
14 <i>José Santos Suárez</i>	<i>Vigo</i>	<i>ETSET</i>
15 <i>Antonio López Castedo</i>	<i>Ourense</i>	<i>Humanidades</i>
16 <i>Magdalena Barahona Martín</i>	<i>Vigo</i>	<i>Económicas</i>
17 <i>Carmen Becerra Suárez</i>	<i>Vigo</i>	<i>Humanidades</i>
18 <i>Ind. José Carlos Bendicho Hernández</i>	<i>Vigo</i>	<i>Ciencias</i>
19 <i>Antonio Palanca Soler</i>	<i>Vigo</i>	<i>Ciencias</i>
20 <i>Xosé C. Álvarez Villamarín (Tuco)</i>	<i>Vigo</i>	<i>Económicas</i>
21 <i>Juan José Guirado Fernández</i>	<i>Vigo</i>	<i>ETSEI</i>
22 <i>Ind. María Isela Lavilla Betrán</i>	<i>Vigo</i>	<i>Ciencias</i>
23 <i>Manuel Varela Lafuente</i>	<i>Vigo</i>	<i>Económicas</i>
24 <i>Jaime Alonso Carrera</i>	<i>Vigo</i>	<i>Económicas</i>
25 <i>Ind. José Manuel Casas Miras</i>	<i>Pontevedra</i>	<i>Forestais</i>

**VOTA CC.OO.**